

Contas económicas trimestrais. Terceiro trimestre de 2009

NOTA DE PRENSA

A economía galega rexistra un crecemento do -3,6% no terceiro trimestre de 2009

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no terceiro trimestre de 2009 rexistrou un descenso do 3,6% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este descenso é superior en 0,4 puntos á caída rexistrada no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego supera en 0,4 puntos ao dato avance difundido polo INE de crecemento da economía española (-4,0%).


O descenso intertrimestral sitúase no 0,4%, 0,6 puntos inferior ao retroceso do trimestre anterior.

Produto interior bruto

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2008				2009		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Variación interanual	3,2	2,5	1,4	0,3	-2,0	-3,2	-3,6
Variación intertrimestral	0,4	0,2	0,0	-0,3	-1,9	-1,0	-0,4


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No terceiro trimestre de 2009, a demanda en termos nacionais iguala a achega ao crecemento do PIB que registrou no trimestre anterior, -4,4 puntos porcentuais. O gasto en consumo final presenta un descenso igual ao do trimestre anterior (0,4%) e o apartado da Formación bruta de capital tamén presenta un comportamento similar ao do trimestre precedente. A contribución do sector exterior é de 0,8 puntos, 0,4 puntos menos que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2007	2008	2008				2009		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	4,0	2,1	3,3	2,5	1,5	1,1	0,2	-0,4	-0,4
-Gasto en consumo final dos fogares	4,0	1,2	3,0	1,8	0,4	-0,3	-1,3	-2,0	-1,8
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	4,1	5,2	4,3	5,1	5,6	5,9	5,5	4,9	4,4
Formación bruta de capital	5,8	-2,1	1,4	0,3	-3,1	-7,0	-10,9	-10,6	-10,8
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	5,3	0,8	3,1	2,1	0,0	-1,8	-4,0	-4,4	-4,4
Exportacións de bens e servizos	6,4	-0,5	3,3	3,3	-1,3	-7,2	-14,8	-16,7	-10,4
Importacións de bens e servizos	6,9	-1,6	2,5	2,2	-2,8	-8,4	-14,1	-14,6	-9,2
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,0	1,8	3,2	2,5	1,4	0,3	-2,0	-3,2	-3,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares decrece un 1,8% no terceiro trimestre de 2009, dúas décimas inferior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo no deterioro do mercado de traballo. Outros indicadores para este agregado amosan un comportamento dispar, pero tendendo á melloría. Así, as matriculacións de turismos rexistran neste trimestre taxas positivas logo de seis trimestres de fortes taxas

negativas e indicadores cualitativos como o índice de confianza do consumidor presentan menores descenso neste trimestre que no anterior. En cambio, o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario presenta unha caída lixeiramente superior á do trimestre anterior. No mesmo período, o gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro presenta unha taxa de crecemento do 4,4%, cinco décimas inferior á rexistrada no trimestre anterior.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída similar ao do trimestre anterior, pasando dun crecemento do -10,6% no segundo trimestre a un -10,8% no terceiro. Esta evolución é resultado dun comportamento similar dos principais indicadores deste agregado, continúa a desaceleración no sector da construción, nas importacións de bens de equipo e na produción industrial de bens de equipo, aínda que outros indicadores como a matriculación de vehículos de carga presentan taxas de crecemento menos negativas que no trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, no terceiro trimestre de 2009 a achega da demanda externa neta foi de 0,8 puntos, 0,4 puntos porcentuais inferior á do trimestre anterior. As exportacións reducen o seu ritmo de descenso, 6,3 puntos menos que no trimestre precedente, acadando unha taxa do -10,4%. A menor contracción da demanda interna no resto de España e nos principais países aos que van destinados os nosos produtos explican esta recuperación enmarcada polo de agora en fortes descenso. Pola súa parte, as importacións descenderon un 9,2%, o que supón unha mellora de 5,4 puntos con respecto á contracción do trimestre anterior.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no terceiro trimestre de 2009, todas as ramas agás as de servizos non de mercado presentan caídas, as maiores corresponden ás ramas de produtos industriais, primarias e construción.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2007	2008	2008				2009		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	2,3	-1,1	4,7	-4,6	1,8	-5,8	-1,4	3,0	-6,6
Ramas enerxéticas	1,8	-2,1	-9,2	-0,3	1,0	0,5	1,7	-6,3	-5,3
Ramas industriais	4,3	-1,6	1,9	0,3	-2,4	-6,1	-15,5	-15,2	-12,7
Construción	4,3	-0,3	2,4	1,0	-0,8	-3,6	-4,7	-5,7	-6,5
Ramas dos servizos	4,2	3,8	4,5	4,1	3,8	2,9	1,9	0,4	-0,1
- Servizos de mercado	4,3	3,4	4,2	3,9	3,5	2,2	0,9	-0,8	-1,4
- Servizos non de mercado	4,0	5,1	5,6	4,8	5,1	5,0	5,5	4,8	4,6
Impostos netos sobre os produtos	3,4	0,7	4,5	3,5	-3,6	-1,1	-1,6	-3,0	-4,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,0	1,8	3,2	2,5	1,4	0,3	-2,0	-3,2	-3,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria e pesqueira presentan un descenso do 6,6%, en liña cos indicadores de actividade dispoñibles que indican descensos interanuais.

No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual superior á do trimestre anterior, en sintonía coa evolución do índice de produción industrial, presentando un rexistro do -12,7%. As ramas enerxéticas rexistran un decrecemento do 5,3%, 1 punto inferior ao descenso do trimestre anterior.

O sector da construción presenta unha taxa de crecemento do -6,5%, 0,8 puntos porcentuais por debaixo do crecemento rexistrado no trimestre anterior. Comparando co crecemento interanual do trimestre anterior, a licitación oficial e a edificación residencial presentan un peor comportamento, a primeira con taxas positivas e a segunda con taxas negativas; a edificación non residencial continúa con descensos interanuais, pero inferiores ós do trimestre anterior.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento do -0,1%, cinco décimas inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en 0,6 puntos ao rexistrado no segundo trimestre de 2009, quedando situada a taxa no -1,4%. Os servizos non de mercado creceron un 4,6%, dúas décimas menos que no trimestre precedente.

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no segundo trimestre deste ano un 4,6%, o que supuxo a destrución de 53.012 postos de traballo equivalentes nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2007	2008	2008				2009		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-3,0	-3,8	-3,4	-7,0	-2,1	-2,6	1,3	4,2	0,9
Ramas enerxéticas	-6,2	-1,8	-3,2	-1,7	-0,9	-1,4	-4,1	-4,8	-4,4
Ramas industriais	2,8	-1,0	1,9	0,5	-1,8	-4,5	-8,9	-10,3	-10,3
Construción	3,8	-5,6	-0,7	-3,3	-7,3	-11,2	-12,7	-14,7	-14,4
Ramas dos servizos	3,6	2,5	2,9	3,4	2,6	1,3	0,2	-1,8	-2,1
- Servizos de mercado	3,8	2,8	3,2	3,9	2,8	1,1	-0,9	-3,3	-4,2
- Servizos non de mercado	3,1	2,0	2,2	2,2	2,0	1,7	2,7	1,7	2,5
TOTAL POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	2,8	0,4	1,7	1,1	0,2	-1,6	-2,8	-4,2	-4,6

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade, a agraria e pesqueira e as de servizos non de mercado acadan taxas de crecemento positivas, as restantes presentan descensos interanuais, sobre todo a construción e a industria.

As ramas agraria e pesqueira presentan un crecemento interanual do 0,9% neste terceiro trimestre do ano, a construción acada un decrecemento do 14,4%, 0,3 puntos menos que no trimestre anterior e as ramas industriais amosan a mesma taxa que no trimestre precedente, decrecendo un 10,3%.

Os servizos de mercado minoran o seu crecemento en 0,9 puntos, quedando situada a taxa no -4,2%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 2,5%, 0,8 puntos superior ao crecemento do trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou no terceiro trimestre de 2009 unha taxa de variación interanual do -4,9%, dato que supón a diminución de 46.059 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Emprego por ramas de actividade

Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2007	2008	2008				2009		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-1,6	-2,8	-5,4	-5,8	1,7	-1,6	12,8	14,0	11,4
Ramas enerxéticas	-6,1	-1,9	-3,3	-1,8	-1,1	-1,5	-2,8	-3,3	-3,0
Ramas industriais	3,0	-1,5	1,9	0,3	-2,3	-5,8	-8,6	-10,1	-10,0
Construción	4,0	-6,0	-0,8	-3,4	-7,6	-12,0	-15,1	-17,0	-16,6
Ramas dos servizos	3,5	2,8	2,9	3,7	3,0	1,7	0,5	-1,7	-2,1
- Servizos de mercado	3,7	3,3	3,3	4,5	3,5	1,7	-0,7	-3,7	-4,7
- Servizos non de mercado	3,1	2,0	2,2	2,2	2,0	1,7	2,7	1,7	2,5
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	3,2	0,6	1,9	1,7	0,5	-1,7	-2,8	-4,7	-4,9

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase neste trimestre no 1,0%, igual á variación rexistrada no trimestre anterior.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no segundo trimestre de 2009 un crecemento interanual do -3,7%, o que implica un crecemento do defactor implícito do -0,1%, 1,1 puntos inferior ao do trimestre anterior.

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2007	2008	2008				2009		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	7,1	6,1	7,8	6,9	5,8	3,9	1,7	-0,2	-1,1
-Gasto en consumo final dos fogares	7,0	5,3	7,7	6,3	4,8	2,4	-0,1	-2,3	-3,4
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	7,2	9,0	8,3	9,3	9,5	9,1	8,1	7,2	6,9
Formación bruta de capital	10,5	2,3	6,8	5,4	4,0	-6,6	-8,3	-8,9	-9,5
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	9,1	5,4	8,7	7,5	6,1	0,6	-1,8	-3,5	-4,4
Exportacións de bens e servizos	11,5	2,2	8,0	6,7	0,2	-5,6	-14,7	-18,1	-14,3
Importacións de bens e servizos	12,2	3,0	8,6	7,8	2,1	-6,1	-12,9	-15,7	-12,2
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	7,2	4,7	6,9	5,5	4,5	1,9	-0,8	-2,3	-3,7
Ramas agraria e pesqueira	6,1	1,7	14,0	0,7	-2,3	-3,9	-3,6	-1,8	-4,5
Ramas enerxéticas	5,0	8,5	5,0	11,1	8,8	9,1	0,8	-1,1	-3,6
Ramas industriais	7,8	3,1	8,6	5,8	3,1	-4,8	-13,7	-15,0	-15,5
Construción	9,6	3,9	8,1	6,4	3,8	-2,2	-4,3	-5,5	-6,7
Ramas dos servizos	7,4	8,3	8,8	8,9	8,6	7,0	5,2	3,1	1,7
- Servizos de mercado	7,2	8,1	8,6	8,9	8,7	6,4	4,3	1,5	0,4
- Servizos non de mercado	7,9	8,9	9,6	8,8	8,0	9,1	8,7	8,7	6,0
Impostos netos sobre os produtos	3,2	-12,0	-8,2	-13,5	-13,9	-12,4	-12,0	-13,3	-16,1

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>